

# O curso escolar dá comezo con todas as medidas hixiénico-sanitarias

Os centros educativos de Boqueixón iniciaron o curso escolar aplicando todas as medidas hixiénico-sanitarias de prevención contra a COVID-19. Uso de máscara, distancia de seguridade, quendas e grupos de convivencia estable marcaron o comezo das clases dentro da nova normalidade para os máis de 300 escolares da Escola Infantil Municipal Raíña Lupa de Boqueixón, das escolas unitarias do CRA Boqueixón-Vedra e do CPIP Antonio Orza Couto.

Co fin de complementar as medidas de prevención, o Concello de Boqueixón vén de realizar un importante reforzo na limpeza e desinfección dos distintos centros. Uns labores que se materializan nun incremento de 20.000 euros da par-



A EIM Raíña Lupa de Boqueixón creou unha zona sucia de recepción ás crianzas

tida de gasto para este tipo de actuacións.

Especial incidencia, polo número de escolares matriculados, realízase no CPIP Antonio Orza Couto. “Ademais das medidas xerais

hixiénico-sanitarias que se tomarán para unha volta segura ás aulas, dende o Concello quixemos reforzar as tarefas de limpeza e desinfección co fin de garantir a máxima hixiene nestes

espazos comúns para o alumnado”, explica o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín.

Unha empresa especializada encárgase de realizar a limpeza e desinfección dos aseos e daquelas zonas susceptibles de ser tocadas por varias persoas até tres veces ao día dentro do horario lectivo. Deste xeito, empregaranse catro horas diarias para estes traballos.

Do mesmo xeito, reforzouse tamén a limpeza tanto no caso das escolas unitarias do CRA como da EIM Raíña Lupa. Neste último centro tamén se levaron a cabo unha serie de medidas de seguridade adicionais, entre as que se atopa a creación dunha zona sucia para a recepción e recollida de crianzas.

## Nova edición do programa de prevención da dependencia

O Concello de Boqueixón vén de iniciar unha nova edición do seu programa de Prevención da Dependencia. As sesións desenvólvense os martes e xoves pola tarde no local social de Vigo. O programa continúa a súa andaina dando resposta á demanda as familias das persoas participantes.

Para garantir a segurida-

de das persoas asistentes, elaborouse un protocolo específico con medidas a tomar para a realización das actividades. Entre elas, distancia de seguridade, redución dos usuarios que usan o transporte, medidas de desinfección, toma de temperatura antes de subir á furgoneta ou entrar no local, material funxible personalizado...



O programa de prevención da dependencia contará con 9 participantes, utilizando 7 transporte. As propostas buscan mellorar

e/ou manter a autonomía das persoas maiores para que poidan envellecer na casa coa maior calidade de vida posible.

## Prazas libres para Tardes Educativas, Madrugadores e para clases de inglés

O Concello de Boqueixón aínda ten aberto o prazo de inscrición para os programas de conciliación Madrugadores e Tardes Educativas e de Lecer. Do mesmo xeito, tamén quedan prazas libres en distintos niveis dos cursos de inglés.

As reservas de praza deberán realizarse, no caso dos dous programas de conciliación laboral e familiar, no Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón. Deberase remitir a ficha de inscrición correspondente (dispoñible na web municipal) a [cim@boqueixon.com](mailto:cim@boqueixon.com).

Pola súa banda, a veciñanza interesada nos cursos de inglés (dirixidos a escolares de Educación Infantil, Primaria e Secundaria e tamén para a mocidade do municipio) deberán remitir a súa solicitude ao e-mail [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com).

# Un setembro cultural cheo de espectáculos para toda a familia

O Concello de Boqueixón ofreceu un mes de setembro cheo de espectáculos culturais. Con todas as medidas de seguridade e prevención contra a COVID-19 marcadas polas autoridades sanitarias, puxéronse en marcha tres actividades dirixidas a todos os públicos.

As citas congregaron preto de 200 persoas. A primeira delas desenvolveuse na Carballeira de Rodiño co espectáculo *GHOP!* de Teatro ao Cubo. Unha iniciativa dentro do programa *Cultura no Camiño*, e está patrocinada por Gadisa, O teu Xacobeo, Agadic e a Consellería de Cultura e Turismo.

Pola súa banda, a Casa da Cultura de Camporrapado foi o escenario o sábado 19 de setembro do concerto do trío de música tradicional Caldo, ao que acudiron máis de 40 persoas. Finalmente, o centro sociocultural de Codeso acolleu o domingo 20 a obra *O secuestro da bibliotecaria*, que puideron disfrutar 30 asistentes.



A Carballeira de Rodiño acolleu o espectáculo *GHOP!* de Teatro ao Cubo



Un intre do concerto do trío de música tradicional Caldo



Posta en escena da obra de teatro *O secuestro da bibliotecaria*

## As vivencias da emigración con 'Un verso, un cantar' en Lestedo

Arredor de medio cento de persoas déronse cita no Campo da Feira de Lestedo para asistir á posta en escena do espectáculo de Queiman e Pousa *Un verso. Un cantar*. Trátase dunha iniciativa desenvolvida en colaboración co Concello de Vedra e promo-

vida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Esta proposta cultural achegou ao público á realidade da emigración galega, nunha sesión que tivo como eixo condutor a figura de Antón Fraguas, dando espazo tamén a outros grandes literatos.



**Edita:** Concello de Boqueixón. Forte, s/n.  
15881 Boqueixón.

**Web:** [www.boqueixon.es/com](http://www.boqueixon.es/com)

**Correo electrónico:** [concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com)

**Redacción e maquetación:** Nós Comunicación

**Distribución gratuíta**

**Oficinas xerais:** 981 51 30 61

**Educación e Cultura:** 981 51 31 15

**Servicios Sociais / CIM:** 981 51 30 06

# Boqueixón continúa coa súa oferta de percorridos guiados de balde

Os programas de visitas guiadas de balde polo municipio de Boqueixón continúan a súa andaina tras o verán. Dende o Concello ofértanse dous programas, que poden ser compatibles entre si: *Descubre Boqueixón* e *Boqueixón Sacro*. O primeiro deles levará ás persoas visitantes aos principais lugares de interese turístico -Pico Sacro, Centro de Interpretación, Ponte Ledesma e Illas de Gres-, mentras que o segundo se centra no patrimonio relixioso.

As persoas interesadas deberán contactar con Departamento de Turismo ([boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com) ou no 981 513 061). O grupo mínimo requerido é de 5 persoas e o máximo, de dez. Deberanse respectar todas as medidas de prevención contra a COVID-19.



O Concello elabora unha completa guía de empresas do municipio

O Concello de Boqueixón vén de iniciar a recollida de datos para a elaboración dunha guía empresarial. “O obxectivo é contar cunha base de empresas do municipio que nos sirva para o deseño e posta en marcha de campañas de promoción dos produtos e servizos locais”, indica o alcalde, Manuel Fernández Munín.

Os/as empresarios/as que se queiran sumar a esta iniciativa, deberán cubrir un formulario en liña (dispoñible a través da web municipal), facilitando os seus datos. Máis información no Departamento de Formación, Emprego e Desenvolvemento Local ([emprego@boqueixon.com](mailto:emprego@boqueixon.com) ou no teléfono 981 513 061).

## Conclúe con éxito o programa de visitas xeolóxicas ao Pico

Preto de 200 persoas participaron durante o verán no programa de visitas xeolóxicas ao Pico Sacro. Esta iniciativa foi desenvolvida por GeoTur Galicia, en colaboración co Concello de Boqueixón, e consistiu en ofrecer todos os domingos percorridos guiados ás persoas interesadas en coñecer este enclave dende un punto de vista diferente.

Dende o Concello de Boqueixón amósanse moi satisfeitos “coa excelente resposta a este programa”. As sesións contaron cunha media de 22 persoas.



Dado interese por parte do público, estudárase a posibilidade de continuar con esta iniciativa noutros períodos vacacionais aparte do verán.



Segundo indican dende GeoTur Galicia o perfil de visitante foi do máis variado: “Viñeron moitas familias con crianzas, algún blogger, 18 guías de tu-

rismo oficiais de Galicia e incluso varias persoas con cans”. No tocante á procedencia, desprazáronse a Boqueixón persoas de distintos puntos de Galicia.

# As Escolas Deportivas comezan as actividades con case 100 persoas

Preto dun cento de persoas participarán nas actividades das Escolas Deportivas municipais. A maioría das propostas, dirixidas tanto a público adulto como infantil, desenvolveranse nas instalacións do ximnasio municipal de O Forte, se ben tamén contan con grupos en distintas parroquias.

Co fin de facer o máis segura posible a actividade física, o Concello vén de aplicar protocolos específicos de prevención contra a

COVID-19 nas instalacións municipais. Así, o uso de máscara será de obrigado cumprimento para todas as persoas asistentes e tamén se disporán hidroxel para a hixiene de mans.

Do mesmo xeito, e para garantir a distancia de seguridade, establecerase un espazo específico para cada participante. Ademais, xa está fixado un itinerario único de entrada e de saída no ximnasio municipal co fin de evitar coincidencias entre asistentes.

Dende o Departamento de Deportes de Boqueixón recomentan a consulta, por parte da veciñanza, das tres guías editadas pola Secretaría Xeral para o Deporte. A primeira delas céntrase no afrontamento da ansiedade e o estrés provocados pola COVID-19 y la recuperación da motivación para la práctica deportiva. A segunda, céntrase na volta ao entreno en deportes de equipo, e a terceira en deportes de loita e combate

## Curso de informática e aula de teatro do Club de Maiores

O Club de Maiores de Boqueixón pon de novo en marcha, en colaboración co Concello, os seus cursos de informática e a Aula de Teatro, para os que quedan prazas libres. No primeiro caso, as sesións de nivel básico desenvolveranse na Biblioteca os martes de 16.00 a 18.00 horas e o custo é de 15 €/mes. Por outra banda, ofrécense clases de teatro de balde. Inscripcións, en [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) ou no 981 513 115.

## AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Domingo  
4

### Espectáculo *Os Bolechas e as portas do Camiño*

Casa da Cultura de Camporrapado  
12.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
*Escena Pequena*. Ciclo de teatro infantil  
Espectáculo para público familiar.  
Reserva de entrada no Departamento de Cultura.  
Actividade promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dentro do *FalaRedes*.

Domingo  
11

### Espectáculo *Pallaso total* de Duende Circo

Carballeira de Rodiño  
12.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
*Escena Pequena*. Ciclo de teatro infantil  
Espectáculo para público familiar.  
Reserva de entrada no Departamento de Cultura do Concello de Boqueixón.  
Colabora: Deputación da Coruña.

Domingo  
18

### Espectáculo de *Os Monicreques de Kukas*

Casa da Cultura de Camporrapado  
12.00 horas  
De balde - Aforo limitado  
*Escena Pequena*. Ciclo de teatro infantil  
Espectáculo *Xan Perillán, compra queixo, compra pan* para público familiar  
Reserva de entrada, en Cultura.  
Actividade do programa *FalaRedes* da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### e en novembro...

Domingo  
1

### Espectáculo *Running, de De Ste Xeito*

Casa da Cultura de Camporrapado  
17.30 horas  
De balde - Aforo limitado  
*BocAberta*. Ciclo de teatro de adultos/as  
Reserva de entradas, en Cultura.  
Colabora: Deputación da Coruña.

Domingo  
8

### Actuación do Grupo Municipal de Teatro de Ribeira

Casa da Cultura de Camporrapado  
17.30 horas  
De balde - Aforo limitado  
*BocAberta*. Ciclo de teatro adultos/as  
Porase en escena *O rei Telesforo busca noiva (e quere noivo)*.  
Reserva de entrada no Departamento de Cultura.  
Colabora: Deputación Coruña.

Domingo  
15

### Espectáculo *Tabú, de Tarabela Creativa*

Casa da Cultura de Camporrapado  
17.30 horas  
De balde - Aforo limitado  
*BocAberta*. Ciclo de teatro adultos/as  
Obra en conmemoración do Día Contra a Violencia de Xénero.  
Reserva de entrada, en Cultura.  
Colabora: Deputación provincial da Coruña.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 | CIM: 981 513 061 | Cultura: 981 513 115 | Dto. Local e Turismo: 981 513 061  
[concello@boqueixon.com](mailto:concello@boqueixon.com) | [cim@boqueixon.com](mailto:cim@boqueixon.com) | [cultura@boqueixon.com](mailto:cultura@boqueixon.com) | [boqueixonturismo@gmail.com](mailto:boqueixonturismo@gmail.com)